

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE XUÑO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de xuño de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. URBANISMO.- Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva. Clave:Uzpi-2.I/P- no expediente de proxecto de compensación do Polígono 3 do Sector II do Sunp In-G.2 (Uzpi-2.I).

Acórdase non admitir a trámite o recurso de alzada contra acordo de data do 22/09/2023 da Xunta de Compensación o proxecto de compensación do polígono 3 do Sector II do Sunp In-G.2 (Uzpi.2.I).. Clave:Uzpi-2.I/P-3.

Acórdase a aprobación inicial do Estudo de detalle das parcelas EQ2 e EQ3 do Parque Empresarial das Gándaras.

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución de alegacións formuladas durante o período de información pública e aprobación definitiva no proxecto de urbanización "Desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, tramo: Glorieta Garaballa de Arriba-Glorieta Benigno Rivera (tramo 4)":

Tamén se acorda a aprobación definitiva do "Proyecto urbanización polígono 3 - Sector II Ing (Uzpi-2.1) Concello Lugo".

Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva no "Proxecto de

expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a rotonda do centro comercial "As Termas" e a rotonda da avenida Benigno Rivera [O Ceao - Lugo]".

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a delegación de competencias na Excm. Alcaldesa para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións que se realicen no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Acórdase a contratación dun servizo de control da calidade da auga de consumo humano na saída de depósitos de regulación, rede de distribución, billa "grifo" do usuario, fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, así como control sanitario das piscinas municipais de uso público e as denominadas Caldas do Miño). Exp. Ref. 2024-C003-000022.

Acórdase a adxudicación na contratación da obras de adecuación e dotación de infraestruturas no contorno da parcela do centro integral de saúde do barrio da Residencia, exp. Ref. 2023/C002/000014.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da subministración dun vehículo pa mixta retrocargadora de nova fabricación para o parque móbil, exp. ref. 2024-C004-000009.

Así mesmo, acórdase a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais, expte. Ref. 2024/C013/000002.

Taméns e acorda a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería-restaurant anexo ao centro de empresas e innovación (complexo ceinodusespazo> lab-parque de bombeiros e a apertura do procedemento de adxudicación, expte. ref. 2024-C012-000001.

Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo, expte. ref. 2024/C003/000006.

4. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio interadministrativo entre o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a xestión dos espazos arqueolóxicos musealizados «Domus do Mitreo».

Tamén se aproba o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Tableros Hispanos, S.L.U., para a celebración do Arde Lucus 2024.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza urbanística de obra para reforma integral do Centro de Saúde da Milagrosa existente con licenza nº 695/69.

6. PERSOAL.- Acórdase a aprobación bases selección de traballadores e traballadoras de acordo coa subvención para a contratación temporal polas entidades locais, de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da risga.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

7. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a validación do Decreto nº 4187, do 06.05.24, de habilitación como perceptora de anticipo de caixa fixa a unhatraballadora social para o programa de emerxencia social, no relativo á omisión do trámite da función fiscalizadora.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

8. EDUCACIÓN.- Acórdase aprobar o informe proposta de axudas para material de educación infantil 2024.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2018260904587683148.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-6-2024

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Serviocio S.L. para a celebración do Arde Lucus 2024.
- Acórdase aprobar o Convenio entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Naturgy Renovables, S.L.U. para a celebración do Arde Lucus 2024.
- Acórdase a aprobación definitiva do “Proyecto de actuaciones para reducir el riesgo de inundaciones del Río Rato en el entorno de la glorieta de la Calle Serra de Meira T. M. De Lugo”.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.